

PECHE DO ALMACEN DE POCOMACO

Na época en que se negociou o vixente Convenio Colectivo, a Dirección de Telefónica adoptara a política de venta de patrimonio como unha vía importante de ingresos. A venta de gran parte dos almacéns faina factible cunha reorganización de loxística. Incluso plantexaran o pase dos traballadores dos almacéns a Zeleris. Afortunadamente pola oposición dos propios afectados e dunha parte dos sindicatos que hai nesta empresa finalmente esa parte do obxectivo da empresa abortouse.

A empresa durante a Negociación do Convenio puxo o seu desexo enriba da mesa e o resultado foi en Galiza que pecharon os almacéns de Lugo, Ourense e agora A Coruña. Só queda Vigo e esta decisión non responde, desde o punto de vista de CIG, a razóns de racionalidade loxística, senón ó criterio de pechar os máis facilmente vendibles.

Unha vez informados da intención da empresa do peche do POCOMACO e do método da reubicación do persoal dende a CIG enviáronse varios escritos á empresa solicitando que o proceso se levase a cabo seguindo a Cláusula 8 e 4.2 do convenio colectivo vixente, esixencia que tamén se trasladou á empresa en varias Comisións de Xestión.

Entendemos que nin se informou adecuadamente das prazas que había para ocupar polo persoal do almacén nin dos criterios empregados para a asignación das mesmas.

Na práctica o peche de Pocomaco tradúcese nunha nova perda de actividade para A Coruña, con evidente prexuízo para todo o cadro de persoal; por riba o proceso está cheo de irregularidades. Convén dicir as cousas con claridade: O peche do almacén é unha mala noticia e o xeito en que se fixo todo este proceso é unha mostra máis da resistencia que a empresa mostra para cumprir a norma con transparencia e que parece non lle importa a unha parte da RR.TT.

A Coruña 28 de Xuño de 2007
